




Power Point. Duas cousiñas

1.- Modificar os colores dos hipervínculos.

Power Point asigna por defecto un color ós hipervínculos de texto. Ás veces ese color non é o idóneo para o fondo da nosa diapositiva. Entón temos a opción de cambiar eses colores. Para eso imos a:


Formato / Estilo de diapositiva ... e facemos clic en **Combinaciones de colores.**

Na nova ventana, na parte inferior dereita, facemos clic en **Editar combinaciones de colores...**



Feito isto, chegaremos á seguinte ventana, donde poderemos modificar, tanto o color do hipervínculo como o do hipervínculo visitado. Despois de facer os cambios, facer clic en **Aplicar.**

Xa está!!



2.- Crear un estilo de diapositiva personalizado.

PowerPoint ofrécenos uns estilos de diapositiva xa feitos, que podemos escoller. Tamén hai estilos novos en Internet. Outra opción é facer o noso propio estilo, que incorpora os elementos que nos queiramos. Isto resulta moi práctico para persoalizar as presentacións para cada departamento, ou para cada curso, ou para cada área, etc. Para poder facer isto podemos partir dun estilo xa feito e que nos modificamos ou podemos partir dun estilo en branco e facelo completamente novo. Vou facer un exemplo moi simple, para que vexades o sistema para crear e gardar o novo estilo, a complexidade do estilo dependerá do gusto de cada unha ou cada un.

1. Abrimos PowerPoint. Antes de modificar a diapositiva que imos facer como plantilla de estilo de diapositiva, imos a **Ver / Patrón / Patrón de diapositivas**
2. Empezamos a facer a personalización da nosa plantilla. Por exemplo eu tomei un estilo que é como unha imaxe azul do mar. Despois púxenle unha imaxe de Leonardo Da Vinci. Tamén lle coloquei un texto co nome da asignatura (tecnoloxía) e do instituto. Tracei unha raia verde para despois poñer os títulos. O resultado final é o seguinte (ver páxina seguinte):


3. Agora é o momento de guardar a plantilla de estilo. Para eso imos a

Archivo / guardar como ...


poñemoslle o nome que queiramos, no meu caso **tecnoxunque**

e no tipo de archivo escollemos **Plantilla de diseño (*.pot)**

Non debemos cambiar a dirección, xa se encarga PowerPoint de escoller a dirección adecuada.



Bueno, agora xa está. Si cerramos e voltamos a abrir Power Point, na opción de estilo de diapositiva xa aparecerá a nosa plantilla personalizada, e podemos utilizala como outra plantilla calquera.



Nada máis!!.